

Voces de Queempostela

Folleto Mensual
de Información

Nº9, Xaneiro-1997

Editado polo
Colectivo Gai de
Compostela

22-F, achega-se o dia!

A menos dun mes para a celebración da manifestación e festa unitárias en Madrid, o dia 22 de Febreiro, xa se teñen apontado varias persoas no local do CGC para asistiren aos actos programados. Polo de agora, os colectivos coordinadores para o 22-F (os de Madrid: COGAM, Fundación Triángulo...) non informaron sobre o pondo e hora de partida da manifestación xa que ainda non teñen a confirmación do Governo Civil madrileño. Na Galiza estamos a agardar tamén polos datos referentes á festa unitaria. En principio, toda esta información e mais o cartel serán enviados a comezos do vindeiro mes. O CGC tamén solicitou aos colectivos coordinadores unha lista de pensións e casas de hospedaxe próximas ao barrio gai madrileño. O colectivo xa anunciou mediante un comunicado de prensa o seu apoio a todos os actos convocados para o 22-F e, tal e como se acordou cos outros colectivos do E.E. (Estado Español), o CGC, como os demais, fará unha rolda de prensa difundindo o contido do manifesto uns días antes da manifestación. Ainda estás a tempo de te apontar! Se queres máis información ao repeito, escribe-nos ou pasa polo local no horario de costume.

Prepara-se o número 13 do S'homos

Tentando superar os errores do último número, a Comisión do Voceiro xa se puxo a traballar na redacción do próximo S'homos. En principio, haberá unha entrevista, unha reportaxe e varios artigos de opinión, a más das seccións habituais da revista. Ademais, a comisión está a conseguir máis publicidade para acadar un maior autofinanciamento da revista e a

mellora da sua calidade. Se queres enviar algunha colaboración -gráfica ou escrita- ou algún anuncio breve (lembra que son gratis), fai-no ao apartado de correos do colectivo.

Festa de Entroido

Como xa é tradicional no CGC, vai-se celebrar unha nova festa co gallo do Entroido. Ainda non se fixou unha data nem tampouco se concretou o local. Tradicionalmente, esta festa celebra-se unha semana antes ou despois das vacacións do Entroido. O que si están xa aseguradas son algunas das actuacións. En principio, a festa é de disfraces, así que xa sabes, vai preparando o teu. Se tes ideas sobre xogos ou sorteos, ou se queres actuar, só tes que llo comunicar á Comisión de Actos Lúdicos e Culturais, por carta ou indo á sua reunión de traballo (os xoves a partir das 20:30 no local do CGC).

A Economía Rosa

O pasado 22 de Xaneiro o CGC organizou un novo parladoiro sobre o tema da economía rosa. Ainda que este acto xa non foi tan secundado en asistencia como anteriores similares, o debate que se xerou nel foi fluído e interesante. A Comisión de Actos Lúdicos e Culturais pensa seguir organizando parladoiros nos vindeiros meses. Se queres sugerir algún tema de discusión, escribe-lle á Comisión ou achega-te á sua reunión de traballo.

Na alameda... condóns e lubrificante!

O grupo de acción na alameda e no campus composteláns segue hogano co seu habitual reparto de condóns e información. A novidade esta vez ven co reparto de bolsiñas-mostra de lubrificante cos condóns. Isto é posibel grácies á colaboración do Comité

Cidadán Anti-Sida A aceptación das bolsiñas, a máis dos folletos e condóns, foi moi positiva por parte dos visitantes ás zonas verdes. O grupo de acción seguirá cos repartos de xeito periódico até o mes de xuño. Lembra que se queres condóns e/ou lubrificante, só tes que escreber ao apartado para que se che manden ou pasar polo local do colectivo no horario de costume.

Máis libros, máis fitas

Nestas últimas semanas a biblioteca do colectivo conta con tres novos libros e mais cun cómic. Cumpre salientar a adquisición dos tres volumes da "História da Sexualidade" de Foucault. Asimesmo, aumentou o número de doazóns de revistas porno. No que se refire ás fitas da mediateca, tamén se contan con novos títulos de audio e vídeo. As novas fitas de vídeo son os éxitos porno "ArteSanal" e "La Ley de la Porra". Lembra que podes doar ao colectivo libros ou fitas cando queiras, tamén as podes deixar en depósito e recollé-las cando queiras, só tes que nos mandar o teu material ao apartado ou pasar con el polo local. Cada vez hai más doadores, o próximo ben poderías ser ti! Non esquezas tampouco que o libro ou fita que tes arrombados na casa si lle poden servir a moitos compañeiros e compañeiras.

Recompilación musical

A Comisión de Actos Lúdicos e Culturais comezou a deseñar e gravar unha recompilación coas mellores cancións interpretadas polas drags que teñen actuado nas festas do colectivo. Nela non faltarán, pois, as interpretacións de Pandora, Dennis Morell, A Pequena Jeanette, Mister X, Visiosa Aghrú (antes Laura Galvani) e outras. As fitas da recompilación serán vendidas para recadar fondos nas festas do colectivo. Se tes ideas sobre o deseño ou sobre a selección musical, escrebe ao apartado ou pasa polo local.

O CGC pede máis subvencións ás institucións.

O CGC pediu nestes últimos días unha subvención á Consellería de Cultura para organizar unhas xornadas sobre

gais e lesbianas, paralelas a un posibel video-fórum. Asimesmo, tamén se volverá pedir a subvención á Dirección Xeral de Política Lingüística para o S'homos. No entanto, o colectivo está preparando a sua inscrición como entidade prestadora de servizos sociais no rexistro da Consellería de Família, Muller e Xuventude para así poder aceder a outras posíbeis subvencións. Se tes información sobre outras convocatórias de subvencións interesantes, escrebe ao apartado ou pasa polo local.

Próxima aprobación do Proxecto de Lei de Família

O Parlamento Galego iniciou estes últimos días os derradeiros debates antes da aprobación do Proxecto de Lei de Família e da Infancia presentado polo grupo parlamentar do PP. Ainda que os grupos parlamentares da oposición recolleran as recomendacións do CGC nas suas emendas ao proxecto, este semella que se aprobará sen modificacións ao ter o PP a maioria absoluta no parlamento do noso país. O CGC xa se puxo en contacto cun asesor xurídico para estudar a presentación dun recurso de inconstitucionalidade através do Valedor do Povo. O colectivo terá que estar atento, ademais, aos decretos e disposicións complementárias que poderá dictar o goberno galego tras a aprobación da devadita lei, xa que o CGC si podería denunciá-los directamente.

Prepara-se unha campaña sobre parellas de feito

O CGC comezou a preparar unha nova campaña sobre parellas de feito e modelos de convivencia familiar plural dirixida á sociedade compostelá e galega en xeral. A preparación da campaña ainda está nos comezos, se tes ideas ou queres traballar no tema, escrebe ou pasa polo local.

Xa sabes....

escribe-nos ao Apdo. 191

15780 Compostela

ou...

visita-nos na Rua Entremuros, nº16, Baixo,
de luns a venres a partir das 20:30